



Contar de novo a mesma historia e abrir os ollos

MORGANA EN ESMELLE

BEGOÑA CAAMAÑO

Galaxia | 2012 | 220 páxinas

Aínda ninguén se metera a remexer na historia de Merlín dende que o señor de Mondoñedo se atreveu a traer para terras de Galicia o mago e a dama das historias artúricas, superviventes dun mundo destruído pola gran catástrofe final que acaba coa corte artúrica a causa das loitas internas. Moito nos ensinan as historias de vello! Tanto pensar en saír os cabaleiros a loitar cos gigantes do bosque, en vencer monstros estraños, sorprenden viaxeiros desafiantes, defender a xustiza por camiños alleos, buscar a pureza e a perfección ideal, para acabar enzoufados nunha loita entre irmáns acirrada polos ciumes, a cobiza, a enveja, a ambición de poder, a rixidez no xuízo, a visión inamovible das propias razóns e a demonización do outro, a incapacidade total de diálogo e intercomprensión.

Así de lonxe nos levan as historias de sempre e ben parece que Begoña Caamaño comprendeu profundamente a lección dos antigos. Para que inventar unha historia nova se a historia é sempre a mesma? A historia das paixóns humanas, das ilusións decepcionadas pola vida, da loita incansable pola felicidade, da nosa tremenda ignorancia para dominar os fíos que rexen os propios actos e as súas consecuencias. Os esquemas das intrigas e os grandes caracteres están xa establecidos e traballados polas plumas máis sabias dende a antigüidade. Que é máis doado, poñerlles nomes novos e presentar novos escenarios ou poñelos a actuar baixo novos supostos e aloular o lector co puro decorrer dunha historia ben contada? Son dúas opcións e Caamaño escolle o desafío dos clásicos, primeiro coa materia clásica e agora coa materia de Bretaña. Como

O espello das letras



fixera María de Francia, decide contarnos a historia cen veces oída e cen veces lida asumindo o reto de deleitar un lector predispuesto a situarse na pureza infantil de quen escoita unha vez máis un conto coñecido. Pero o título convoca xa dúas dimensións desta historia só plenamente descodificables para o coñecedor da tradición literaria galega. Unha chiscadela de ollo ao público de *entendidos*, aínda que non busca de ningún xeito as minorías, se non queremos entender como minoría todo o público potencial dun libro galego. Porque, quen de nós non sabe hoxe que o nome Merlín vai asociado á selva de Esmelle, se cadra máis aínda que a Brocelandia? Ese simple topónimo convoca o microcosmos creado por Cunqueiro, que foi quen de anosar o mítico mago convertido nun vello menciñeiro cunhas artes nunca vistas no país, iso si, e un pasado misterioso que o dota dun ar respectable e unha sóna que convoca visitantes de terras afastadas. Deste esquema parte a autora para presentarnos unha visita máis que non é calquera cousa: en primeiro lugar vén desa experiencia pasada que tan mal acabou e que deu cos ósos de Merlín nas nosas terras, pero sobre todo vai introducir unha nova perspectiva para valorar tanto os acontecementos da corte artúrica como os seus personaxes na casa de Miranda. E de paso descóbrenos os fíos cos que se

vai tecendo o mellor da nosa tradición, con esa lírica fermosura que adoza os terribles ditados da lei patriarcal que ata fan tolear a dócil Xenebra. É o que ten meterse a rememer nas historias.

E velaí o outro nome do título con toda a súa carga simbólica. Morgana. A maga, a sabia, a lurpia, a inimiga. Caamaño segue a experiencia de recontar a historia cunha perspectiva feminina e feminista que afrontara polo 1982 Marion Zimmer Bradley en *As néboas de Ávalon* (*The Mists of Avalon*). De feito, a idea de que Morgana sexa a única que sobrevive para contar a historia vense sumar aos nosos superviventes de Miranda e daquela non queda outra que confrontar as versións. Magnífica idea e traer a Morgana de visita á casa do vello Merlín retirado, respectuoso protector da súa señora Xenebra en tempos de penuria, perdido todo o esplendor do pasado. Daquela a voz narradora xa non pode ofrecer unha perspectiva única e por iso no libro alternan a visión externa e profana de Felipe de Amancia, a pretendida obxectividade das crónicas de Ávalon e a conciencia de Merlín, e só ao final a voz conclusiva e sabia de Morgana.

A grande achega desta nova versión non é, na miña opinión, o protagonismo feminino nin a perspectiva feminista dunha historia lendaria, senón a busca do saber, da comprensión das razóns profundas que moven o mundo e os seres humanos, e da harmonía. E nesa busca fanse comprensibles os aconteceres e os comportamentos que antes parecían gratuítos e esquemáticos. Todo gaña profundidade e o lector comprende tamén. As razóns de estado xustificadoras de pequenas maldades que destrúen vidas, os grandes ideais que se impoñen aniquilando os desexos máis íntimos, os sinxelos anceios de afecto que derruban equilibrios longamente construídos. Pero xa todo perdido só podemos aspirar a comprender, e Morgana comprende ao final máis aínda do que ela esperaba, pois convivindo na sinxela casa de Miranda non só aprende a entender as razóns de quen destruíu a súa

vida, senón o erro das súas propias razóns porque "mil razóns, aínda que poderosas, non dan o dereito". A porta da transformación da lenda pola vía da busca da harmonía que abriu Ferrín cambiando a apoteose final de morte nunha apoteose de amor universal a través da unión erótica, convértese aquí nunha acción menos máxica, máis real e posible, coa sabedoría lograda polas derrotas da vida e a comprensión final favorecida pola distancia do tempo e as paixóns acalmadas.

Pero aínda hai máis. Begoña Caamaño logra o mellor a que pode aspirar un escritor: conta unha historia ben contada, coa música das palabras xustas, o ritmo das frases medido, a historia que flúe fácil, seguido e ben, como dixera o mestre. Harmonía na forma e no fondo, con carga de profundidade para aprender a vivir

■ María Xesús Lama